

# Mentiras sobre a folga que parecen verdades

***Din que unha mentira acada o estatus de verdade se a repites miles de veces. Chama a atención que persoas intelixentes entren neste xogo macabro a propósito da Folga Xeral do 14N.***

## A MANIPULACIÓN INFORMATIVA

Todos podemos escoitar nas emisoras de radio e TV como nos contaban “a pé de obra” que en determinados centros de traballo, empresas e servizos emblemáticos, como, por exemplo, o Metro de Madrid, “os servizos mínimos funcionan con total normalidade”, cando o propio tería sido informar que no Metro de Madrid só funcionan os servizos mínimos.

A técnica de manipulación informativa consiste en presentar como TOTAL NORMALIDADE un feito que é alleo ao asunto que se narra: Estase a falar do seguimento da folga e como se sabe, os Servizos Mínimos son o colectivo ao que non se lle permite facer folga e ten que ir traballar por forza.

O que realmente acontecía no caso que nos ocupa – e polo tanto, a noticia verdadeira – era que no Metro de Madrid a folga foi seguida polo 100% dos traballadores.

Esta técnica de contar mentiras que parecen verdades puidémola ver aplicada de xeito xeneralizado en todo País polos medios públicos e a maioría dos privados.

## O CONSUMO ELÉCTRICO.

A primeira gran mentira a respecto das folgas é que o consumo eléctrico é o índice máis fiable para medir o seu éxito. A mentira é tan gorda que se cadra é por iso que a coaron e a repiten sistematicamente desde hai anos a patronal e os medios de comunicación que lles son afíns.

No 14N o consumo eléctrico caeu, pero moi pouco, e é obvio que non caerá nunca moito máis en ningunha outra folga por moito seguimento que tivese, a non ser que o éxito fora realmente case total, cousa imposible na práctica. Porque, por moito que lles moleste aos defensores desa “matemática parda”:

- ◆ A maioría de traballadores que fan folga quedan na casa. Se non todo o horario laboral, polo menos a maior parte, polo que están a realizar un consumo eléctrico que non farían se non fixeran folga.
- ◆ A empresa que non pecha completamente fai o mesmo consumo eléctrico aínda que teña parte dos seus traballadores en folga. Se unha tenda, un centro comercial, un banco, unha compañía de seguros, un taller, un restaurante ou mesmo unha fábrica abre, gasta a mesma electricidade con pouco ou con moito persoal. Mesmo nalgúns casos, como pode ser nas cadeas de produción en serie, o consumo eléctrico pódese disparar por ausencia de traballadores na mesma.
- ◆ Os centros da Administración Pública, hospitais e xulgados, permanecen todos abertos sempre como nun día normal. Que falte o 40% do persoal, por exemplo, apenas produce redución ningunha no consumo eléctrico.
- ◆ Hai moitísimos miles de autónomos sen empregados, que farán o mesmo consumo eléctrico por moi grande que sexa o seguimento da folga, a non ser que o propio autónomo participe nela. Medir isto en termos de consumo eléctrico é simplemente utópico.
- ◆ Hai sectores que non teñen consumo eléctrico ou é moi escaso: a agricultura, a pesca, o transporte por estrada, etc. Ninguén mediu o consumo do gasoil, porque tamén este parámetro é imposible de medir.
- ◆ Ou sexa, que no mellor dos casos, é certo que nunha folga diminúe o consumo eléctrico. Pero non é certo que unha folga cun seguimento do 60% produza unha caída do consumo eléctrico nesa mesma proporción, nin cousa que se lle pareza.
- ◆ Ninguén sabe cal é o coeficiente divisor, sinxelamente porque o seu cálculo é imposible de facer de xeito fiable, e daría, se se

puidera calcular, valores moi diferentes para idénticos seguimentos de folga cada vez que se intentara medir.

## O CUSTO DA FOLGA.

A patronal dixo que o custo da folga do 14N foi de 4.000 millóns de euros. Ben: fagamos números:  $4000 \times 365 = 1460000$ .

Por tanto, se o custo dun día laboral é de 4.000 millóns €, o PIB anual de España sería de case 1.5 billóns de euros, cando as cifras oficiais din que é só 1 billón.

É dicir, que na estimación do custo pasáronse un 50% como moi pouco. Mais a partir destas cifras, no mellor dos casos posibles que poida soñar un fanático da Folga Xeral, ou sexa, unha folga cun seguimento do 100% durante as 24 horas do día, implicaría como máximo unha caída da produción de 2.700 millóns de euros.

Non vale dicir que nun día laborable a produción é maior, porque en España hai moitos anos que todos os días son laborables nalgún sector. Ademais, en fins de semana e festivos producen moitísimo máis o comercio, a hostalaría e o turismo, que non son sectores menores senón todo o contrario: falamos de sectores principais da economía de España.

A Patronal afirmou que o seguimento da folga foi dun escaso 12%. Pois a nosa calculadora di que o 12% de 2700 é 324. Quer dicir, que os presuntos 4000 millóns de euros son realmente só 324. Pois vaia calculadora que teñen estes empresarios ...

Claro que se cadra, o que acontece é que, certamente, o PIB de España non é 1 billón de euros senón 1.5 billóns; pero non se ve a causa da fraude fiscal, a economía mergullada e outras trampas ...

Pois sería interesante que tiveran razón: Mira ti por onde, con ese PIB non habería que reducir as partidas orzamentarias do Ensino, a Sanidade e ningún Servizo Social; mesmo se poderían aumentar e por riba, sen maiores problemas, a Débeda Pública do país poderíase liquidar toda ela nun só ano fiscal.



Neste caso, estaríamos diante dun feito inédito: á CEOE saíulle á luz, sen querer, a “contabilidade B”...

E aínda así, o custo da Folga do 14N segundo as contas da Patronal, seguiría a ser de  $4000 \times 0,12 = 480$  millóns, e non de 4.000 que publicaron.

Todo isto sería cómico, se non fora que estamos a falar das cousas de comer. Xa está ben de contar mentiras a escala industrial.

*Celso Domínguez*